

GUERRA DO RIF OU DE MARROCOS

En novembro de 1912, España firma con Francia a creación do Protectorado español de Marrocos. Ese territorio estratéxico, o último reduto libre sen colonizar, quedaba baixo a «tutela» de dúas potencias europeas. E aí xurdiu o verdadeiro problema para España cando se lle encarga a un exército limitado materialmente emprender a ardua tarefa de someter a orde colonial ás belixerantes tribos do norte de Marrocos, de Yebala, Gomara e o Rif, que si algo valoraban era a súa independencia.

As continuas campañas bélicas provocaban unha sangría económica cun exército, ineficaz e corrupto que consumía o 35% do orzamento nacional. Pero foi sobre todo un drama en perda de vidas. Estímanse 30 000 soldados mortos. Algún autor considera que deles 8000 eran galegos. O momento máis trágico foi a batalla de Annual en 1921, cando son abatidos 9000. Esta masacre conduciu a unha grave crise política e puxo a espoleta ao Golpe de Estado de 1923. Tras Annual foron mobilizadas as quintas de 1918, 1919 e 1920, incluídos os soldados de cota, obrigados a ir a unha guerra profundamente impopular. Ata a fin da guerra en 1927, a práctica totalidade das familias españolas tiveron nalgún momento un membro servindo en África. Moitos ourensáns preferiron ser declarados prófugos (en 1917 case o 40% dos chamados a filas non se presentaban) ou exiliarse e pór terra de por medio (o caso máis coñecido é o de Eduardo Blanco Amor) a ter que ir ao norte de África.

As condicións na fronte eran penosas. Cambios bruscos de temperatura, escaseza e falla de potabilidade da auga, mala calidade dos alimentos, amoreamento das tropas, falla de hixiene, molladuras, insolacións... segundo o viviu o ourensán Xosé Ramón Fernández Oxea quen, baixo o pseudónimo de Ben Cho Shey, envía ao xornal *La Zarpa* a crónica dos acontecementos.

A longa intervención en Marrocos dá lugar a un fenómeno clave nese momento e no futuro: a formación do grupo dos militares «africanos» que ascenden rapidamente por méritos de guerra (Sanjurjo, Mola, Franco...). Ao tempo, os centros de decisión política desprázanse cara aos cuarteis. Non é estraño que en setembro de 1923 se cresen donos da vontade popular para dar un Golpe de Estado.

Durante a Ditadura a guerra seguía sendo o centro de atención. En setembro de 1925 conclúese con éxito o desembarco en Alhucemas, o que supuña o principio da fin da contenda. Esta fazaña permítelle a Primo de Rivera acadar gran popularidade e aplicar un plan para institucionalizar o seu goberno. Restablece o Consello de ministros coa entrada de civís, mais sen Constitución e eleccións. Nestes anos a oposición ao réxime será moito maior e as medidas represoras do réxime tamén máis duras.

